



PLAN DIXITAL

[CEIP Plurilingüe Santa María]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CEIP Plurilingüe Santa María

Dirección: Rúa Enrique Saavedra s/n

Correo: ceip.santamaria.fonsagrada@edu.xunta.gal

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariafonsagrada>

Etapas educativas: Infantil e Primaria

Nº de alumnado e profesorado: 96 / 17

1.1. 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Santa María está ubicado no concello de A Fonsagrada, situado no extremo centro-oriental da provincia de Lugo, formando un conxunto montañoso que constitúe unha fronteira natural coa Comunidade Autónoma de Asturias.

O centro pertence a un entorno principalmente rural, polo que o sector primario é a base da súa economía centrado especialmente na gandaría e na explotación forestal. O sector secundario é menos importante, destacan algunhas pequenas empresas de transformación de madeira, elaboración de produtos cárnicos, fabricación de pensos.... O sector terciario foi medrando nos últimos anos. O centro da vila é o lugar onde se concentran a maior parte das actividades comerciais e núcleos financeiros e profesionais. O nivel económico e cultural da poboación é medio-baixo.

O alumnado do centro é de lugares moi dispersos xa que o concello é moi extenso. Este alumnado vive, en moitos casos, en aldeas de escasa poboación, dándose casos de nenos e nenas que non só son fillos únicos, senón que tamén son os únicos do seu pobo, polo que o colexio é o único lugar onde poden relacionarse con outras persoas da súa idade.

Despois de analizar o entorno social e a comunidade educativa para a elaboración do noso plan lingüístico, determínase que o contexto social do centro é galegofalante. O dominio da Lingua Inglesa entre a nosa comunidade educativa é escaso, aspecto que se tenta mellorar a través da posta en marcha deste Plan Lingüístico.

- *A Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo será fundamental dende o curso 22/23 coa elaboración desta primeira versión do Plan Dixital, aínda que as TIC sempre foron un punto de referencia e integración neste centro dentro do PE dende o ano 1997.*

Relación con outros Plans e proxectos do centro: a traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías do centro ten unha longa traxectoria con diferentes proxectos elaborados no colexio e formación do profesorado como: NMAI (Novos medios audiovisuais interactivos - Uso e elaboración de material didáctico) Internet básico para o profesorado, Introducción ao manexo de ordenadores, Uso de ordenadores para docentes (Aplicación didáctica da informática), Métodos innovadores na xestión na aula de Primaria, Niveis inicial e medio en tecnoloxía da información e comunicación, Elaboración de material interdisciplinar coa EDI, XADEweb, , Abalar, E-dixgal .

Actualmente os Programas de innovación nos que participa son: PROA+, ARCO, Recupérate, inclúete, iguálate, Emociónate, Eduemprende, PVAD (Proxecto de vida Activa e Deportiva), Meteoescolas, Aliméntate ben.

- *A implementación do PD dentro da PXA será un dos obxectivos principais de cara ao vindeiro curso escolar 22/23, coa que intentará acadar os dous obxectivos elaborados dentro do Plan de Acción.*

1.2. 1.3. Breve xustificación do mesmo

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.3. 1.4. Proceso de elaboración

Descrición da organización e do proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital:

- *Realización do Test Selfie durante a última quincena de decembro do 2021. - Docencia do PD o día 24/01/22.*
- *Realización do Test de Competencia Dixital Docente durante a primeira quincena de febreiro do 2022. - Docencia do PD o día 14/02/22. - Docencia sobre a elaboración do DAFO 16/03/22. - Elaboración do DAFO do centro 28/03/22. - Docencia sobre o deseño e elaboración do Plan de Acción 20/04/22. - Elaboración do Plan de Acción do centro 03/05/22.*

2.

3. 2. Situación de partida

3.1. 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *O centro ten conectividade e infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos) con boa velocidade pero ten algúns problemas ou sen cobertura na wifi de certas aulas (PT, AL, Ximnasio, patios etc.). Ten aulas dixitalizadas pero ao 100 % solo podemos considerar a aula de 6º co proxecto E-Dixgal (a de 5º ten un problema na pantalla dende hai dous cursos – ver no listado-). Os equipos de xestión e administración teñen algún ordenador obsoleto e antigo (exemplo: dirección). Na biblioteca úsase o ordenador recente para a xestión e clasificación dos libros. Na outra zona da biblioteca hai un ordenador antigo que vai moi lento. Temos equipos novos na sala de profesorado. Temos equipos ultraportátiles para aula móbil co proxecto E-dixgal para o alumnado e portátiles para os mestres/as de 5º e 6º. Temos unha aula de informática con equipos mercados polo centro para o uso en aulas de Primaria e Infantil que non teñen E-dixgal.*

4º e 6º de Educación Infantil

Equipamento: Non hai pantalla dixital nin proxector. 1 ordenador de sobremesa. Hai conexión a Internet.

5º de Educación Infantil

Equipamento: Non hai pantalla dixital nin proxector. 1 ordenador de sobremesa. Hai conexión a Internet.

1º de Educación Primaria

Equipamento: Pantalla dixital desactualizada (sen función táctil) e proxector. 1 ordenador de sobremesa. Hai conexión cableada e wifi a Internet.

2º de Educación Primaria

Equipamento: Pantalla dixital móbil. 1 ordenador de sobremesa antigo. Hai conexión cableada e wifi a Internet.

3º de Educación Primaria

Equipamento: Pantalla dixital desactualizada (sen función táctil) e proxector. 1 ordenador de sobremesa. Hai conexión cableada e wifi a Internet.

4º de Educación Primaria

Equipamento: Pantalla dixital desactualizada (sen función táctil) e proxector. 1 ordenador de sobremesa. Hai conexión cableada e wifi a Internet.

5º de Educación Primaria

Equipamento: Pantalla E-dixgal rota (sen función táctil) e proxector. 1 ordenador portátil do profesorado. Hai conexión cableada e wifi a Internet.

6º de Educación Primaria

Equipamento: Pantalla E-dixgal e proxector. 1 ordenador portátil do profesorado. Hai conexión cableada e wifi a Internet.

Orientación

Equipamento: Non hai pantalla dixital nin proxector. Non hai boa conexión wifi a Internet.

Aula de PT

Equipamento: Non hai pantalla dixital nin proxector. Non hai boa conexión wifi a Internet.

Aula de AL

Equipamento: Non hai pantalla dixital nin proxector. Non hai boa conexión wifi a Internet.

Biblioteca

Equipamento: Hai ordenador de sobremesa novo, pantalla dixital e proxector. Hai conexión cableada e wifi a Internet.

Zona de xoqos (De biblioteca)

Equipamento: Hai un ordenador antigo. Hai conexión wifi e cableada a Internet.

Aula de Música

Equipamento: Non hai pantalla dixital nin proxector. Hai conexión wifi a Internet.

Ximnasio

Equipamento: Non hai pantalla dixital, nin proxector nin conexión cableada ou wifi a Internet.

Aula de informática

Equipamento: Hai pantalla dixital e proxector. Hai conexión cableada e wifi a Internet. 6 ordenadores de sobremesa novos.

Sala do profesorado

Equipamento: Hai 2 ordenadores de sobremesa novos e impresora multifunción.

Sala multiusos

Equipamento: Hai un proxector e unha pantalla de proxección enrollable

Dirección

Equipamento: Ordenador de sobremesa antigo e impresora. Hai conexión cableada e wifi a Internet.

Secretaría

Equipamento: Ordenador de sobremesa antigo e impresora. Hai conexión cableada e wifi a Internet.

UACO (despacho)

Equipamento: Non hai pantalla dixital nin proxector. Hai conexión wifi a Internet.

- Os servizos dixitais educativos que temos no centro son: os servizos corporativos que facilitan a xestión docente (páxina web do centro, Aula Virtual, E-dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil, Abalarpro, Tokapp).
- A xestión do mantemento do equipamento do centro é levada polo coordinador TIC e cando non ten os coñecementos suficientes solicítase a axuda da UAC (E-dixgal) ou de Redes Informática (Lugo).
- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariafonsagrada/aulavirtual/>

3.2. 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Infantil / Primaria	
A -Liderado	Equipo Direct.	4.3	
	Profesorado	4.1	
	Alumnado	-	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4.7	
	Profesorado	3.7	
	Alumnado	3.9	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.3	
	Profesorado	4	
	Alumnado	4.3	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	5	
	Profesorado	4.3	
	Alumnado	-	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.8	
	Profesorado	4.3	
	Alumnado	-	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4.6	
	Profesorado	3.8	
	Alumnado	3.9	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	4.3	
	Profesorado	3.4	
	Alumnado	-	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4.5	
	Profesorado	3.4	
	Alumnado	4.3	

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	8	9	88,9 %
INTERINO	6	6	100 %
OUTROS	1	1	100 %
SUBSTITUTO	1	2	50 %

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
--------------------------------------	----------------------	---	---------------------------------

71,4	Integrador/a (B1)	76,4 %	Integrador/a (B1)
------	-------------------	--------	-------------------

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	<u>62,6</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	68,2	<u>Integrador/a (B1)</u>
Pri.	<u>85,5</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	77	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>2</u>	<u>12,5 %</u>
A2	<u>5</u>	<u>31,3 %</u>
B1	<u>6</u>	<u>37,5 %</u>
B2	<u>2</u>	<u>12,5 %</u>
C2	<u>1</u>	<u>6,3 %</u>
TOTAL	<u>16</u>	<u>100,1 %</u>

Outras fontes: Documentación e exemplos aportados polo PFPP.

3.3. 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Existencia de abundantes materiais.	
	PERSOAL DOCENTE	Poden avaliarse os cambios.	Falta de tempo en horario escolar.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	Promove o desenvolvemento persoal do alumnado.	Complexidade da realidade educativa.
	FAMILIAS		
	OFERTA		

	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Temos experiencias nas que basearnos. Trátase dun proceso participativo. Pode dar coherencia ao currículo. Poden apoiarse (ou ser apoio de) nos programas e proxectos de centro.	Falta de comunicación entre os centros que desenvolven proxectos similares. Sobrecarga de accións e proxectos que chegan ao centro.
--	-------------------------------	--	---

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A administración educativa aposta por isto.	Imposición de burocracia. Formación adecuada a cada nivel educativo.
	LEXISLACIÓN		Os cambios normativos. É doado convertelo nun elemento baleiro na programación.
	CONTORNA	É un incentivo para a mellora da calidade educativa.	Falta de control externo.
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	Hai institucións interesadas no seu desenvolvemento. Posibilidade de que outras entidades apoiem o proxecto.	

4.

5. 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital. Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

5.1. 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Esta foi a secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO: Fíxose unha reunión conxunta de todo o Claustro (3/05/22) no que se estableceron as áreas prioritarias e se determinaron os obxectivos (específicos, medibles, alcanzables, relevantes e se axustaron a un marco temporal) que queremos conseguir. Os obxectivos están contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

- *Nesta xuntanza estableceuse ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada (Ver táboas dos obxectivos 1 e 2)*

- *Determináronse as accións para conseguir cada obxectivo, elixíronse os responsables das mesmas, acordouse unha temporalización e determináronse os recursos necesarios. (Ver táboas dos obxectivos 1 e 2).*

Para cada obxectivo cumpríntose unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregárase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan (consultouse o documento coas recomendacións para a elaboración dos obxectivos).

5.2.

5.3. 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A continuación detállanse as necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos aportadas polo profesorado:

4º e 6º de Educación Infantil

Equipamento: Pizarra dixital/táctil

Finalidade: Exposición de contidos, traballo táctil.

Equipamento: Ordenador de sobremesa.

Finalidade: Búsqueda de información (Ferramenta de traballo).

5º de Educación Infantil

Equipamento: Pizarra dixital/táctil

Finalidade: Traballo de contidos interactivos.

Equipamento: Ordenador de sobremesa.

Finalidade: Cambio do ordenador actual porque é antigo, traballa de forma lenta e xenera problemas.

1º de Educación Primaria:

Equipamento: Pizarra dixital/táctil

Finalidade: Traballo de contidos interactivos.

2º de Educación Primaria:

Equipamento: Ordenador de sobremesa

Finalidade: Búsqueda de información (Ferramenta de traballo).

3º de Educación Primaria

Equipamento: Pizarra dixital

Finalidade: Traballo táctil

4º de Educación Primaria:

Equipamento: Pizarra dixital/táctil

Finalidade: Traballo táctil

5º de Educación Primaria:

Equipamento: Pizarra dixital/táctil

Finalidade: Traballo táctil

6º de Educación Primaria:

Equipamento:

Finalidade:

Orientación

Equipamento: Ordenador novo, pantalla e proxector.

Finalidade: Traballo individualizado ACNEAE

Aula de PT

Equipamento: Mesa interactiva

Finalidade: Traballo individualizado ACNEAE

Aula de AL:

Equipamento: Ordenador, tablet e mesa interactiva

Finalidade: Traballo individual e grupal con ACNEAE

Biblioteca

Equipamento: Ordenador de sobremesa

Finalidade: Segundo ordenador para xestión

Equipamento: Impresora

Finalidade: Impresión documentos xerados

Aula de Música

Equipamento: Pantalla táctil

Finalidade: Traballo táctil

Ximnasio

Equipamento: Pantalla táctil

Finalidade: Vídeos interactivos relacionados con tácticas e regras dos deportes

Equipamento: Equipo de música con usb

Finalidade: Coreografías e bailes

Aula de informática

Equipamento: Ordenadores

Finalidade: Para o alumnado que non está no proxecto E-dixgal

Sala do profesorado

Equipamento:

Sala multiusos

Equipamento: Pantalla interactiva e ordenadores

Finalidade: Uso en charlas, ponencias, coloquios etc.

Dirección

Equipamento: Ordenador de sobremesa

Finalidade: Confindencialidade dos documentos

Secretaría

Equipamento: Ordenador de sobremesa

Finalidade: Confindencialidade dos documentos

UACO (despacho)

Equipamento: Impresora

Finalidade: Cofindecialidade dos documentos

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

ÁREA/S DE MELLORA	D - Desarrollo profesional continuo				
OBXECTIVO 1	Formar ao profesorado na xestión do uso das TIC para o alumnado NEAE nas distintas etapas (D1)				Acadado
					Non acadado
Responsable	Persoa coordinadora				
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Formación recibida				
Valor de partida	Necesidade de formación coas TIC para traballar co alumnado NEAE				
Valor previsto	Recibir unha formación para o 100% do profesorado que traballa co alumnado NEAE (PT, AL...) para implantar na aula		Data Prevista	Xuño 2023	
ACCIONES A DESENVOLVER					
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO1.1: Solicitar un PFP para desenvolver estratexias de autocontrol nas tarefas coas TIC.	Persoa coordinadora do PFP.	Outubro 2022.	CFR.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Elaborar un protocolo de actividade e tarefas	Equipo de dinamización/Orientación.	Marzo 2023.	Claustro.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Crear e desenvolver actividades e tarefas	Equipo / Claustro.	Maio 2023.	Claustro.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

6.

ÁREA/S DE MELLORA		E - Pedagogía: Apoios e recursos					
OBXECTIVO 2	Incrementar a porcentaxe de uso da Aula Virtual (E2)			Acadado			
				Non acadado			
Responsable	Persoa coordinadora						
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Usar máis a Aula Virtual / Superación do uso de partida						
Valor de partida	Detectar que se use o 20 % da Aula Virtual						
Valor previsto	Chegar a un uso do 50 % da Aula Virtual			Data Prevista	Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO2.1: Crear un mínimo de tres contidos por trimestre cada membro do Claustro.	Persoa coordinadora TIC	Decembro 2022. Marzo 2023. Maio 2023.	Claustro. Aula Virtual.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.2: Utilizar a Aula Virtual como un recurso habitual na aula.	Persoa coordinadora TIC	Decembro 2022. Marzo 2023. Maio 2023.	Persoa coordinadora TIC. Claustro. Aula virtual.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.3: Crear un repositorio na Aula Virtual para as diferentes áreas.	Persoa coordinadora TIC	Maio 2023.	Persoa coordinadora TIC. Claustro. Aula virtual.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

7. 4. Avaliación do plan

No procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos terase en conta:

- O contexto da **avaliación procesual** e a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- O contexto da **avaliación final** e a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

8. 5. Difusión do plan

A difusión do PD será a través do Claustro, Consello Escolar e Aula Virtual (no espazo da documentación do PFPP do PD 2022)